



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



a prevención de riscos no traballo en laboratorio



Santiago, xuño de 2013

*Lucía Ferrón Vidán
Sección de Hixiene Industrial
ISSGA*

Equipos de protección colectiva

Equipos de seguridad: elementos de protección colectiva

Vitrinas extractoras de gases:

A VITRINA DO LABORATORIO PROTEXE fronte a:

- Malos olores.
- Inhalación de substancias tóxicas tales como po, aerosois, gases,vapores.
- Inhalación de bioaerosois.
- Incendio/explosión.
- Derramo/salpicaduras.
- Calor.



Equipos de seguridade: elementos de protección colectiva

Vitrinas extractoras de gases:

- Colabora no control ambiental do laboratorio, xa que:
 - Permite dispoñer dunha área delimitada sen fontes de ignición e, con deseño adecuado, protexido de incendios e pequenas explosións.
 - Permite, se o aire de impulsión é filtrado, a entrada de aire limpo naqueles traballos que así o requiren.
 - Facilita a renovación do aire do laboratorio.
 - Pode crear unha depresión no laboratorio evitando a saída de contaminantes cara ás áreas anexas.



Equipos de seguridade: elementos de protección colectiva

RECOMENDACIÓNS PARA A UTILIZACIÓN DE VITRINAS EXTRACTORAS:

- Non se debe utilizar a vitrina de gases como unidade de almacenamento.
- Colocar no interior da vitrina o material indispensable para levar a cabo traballo o que se vaia a realizar e evitar material innecesario que dificulte o bo funcionamento da vitrina, así como movementos de brazos innecesarios.
- Situar as operacións que xeran a contaminación a unha distancia non inferior a 15 ou 20 cm do plano de abertura da vitrina.
- Evitar a xeración de contaminantes a velocidades altas.
- Situar a zona de xeración de contaminantes o máis baixa posible para favorecer a saída de contaminantes pola abertura inferior do deflector traseiro.
- Evitar a obstrución de paso de aire ao deflector traseiro.
- Manipular as mínimas cantidades necesarias de produto.
- Limitar as fontes de calor ás mínimas necesarias xa que perturban a aspiración do aire da vitrina.



Equipos de seguridade: elementos de protección colectiva

RECOMENDACIÓNS PARA A UTILIZACIÓN DE VITRINAS EXTRACTORAS:

- Reducir a abertura da vitrina ao mínimo espazo compatible co traballo que se vai realizar e estar sempre por baixo da altura operacional máxima. Non introducir a cabeza na cámara interior da vitrina.
- Non operar na vitrina coas fiestras vertical e horizontal, se é o caso, abertas á vez.
- Realizar movementos lentos co fin de evitar turbulencias.
- Utilizar a roupa e equipamentos de protección adecuados (lentes, bata, luvas).
- En caso de detectar unha anomalía na aspiración, pechar a guillotina e dar a coñecer a situación a quen lle corresponda (xefe do laboratorio, responsable de mantemento, responsable de seguridade, etc.). Non utilizar a vitrina e sinalizala convenientemente como fóra de uso ou avariada.

Equipos de seguridade: elementos de protección colectiva

LOGO DA SÚA UTILIZACIÓN :

- Deixar a vitrina limpa e ordenada.
- Pechar a guillotina e deixar a vitrina funcionando ata que se eliminou a contaminación xerada.

MANTEMENTO DAS VITRINAS

- Programa de mantemento co fin de prolongar a súa vida útil e manter a seguridade do operador.
- Débense seguir as recomendacións do fabricante ou subministrador e todo o sistema desde a entrada da vitrina ata o conduto de saída debe estar sometido a inspeccións periódicas, rexistrando e anotando a última revisión realizada.

Equipos de seguridade: elementos de protección colectiva

CAMPÁS LOCALIZADAS:

Moi útiles nos seguintes supostos:

- Ensaio físico químico que implica desprendemento de fumes e vapores
- Extracción de fumes e gases que proceden de baños quentes, placas de calefacción muflas, estufas e cromatógrafos de gases, equipos de absorción atómica.

Deben instalarse próximas aos focos de emisión de contaminantes xa que, cunha adecuada velocidade de captación, conséguense retiradas eficaces daqueles

Entre a campá e o foco de emisión non se deben realizar manipulacións nin pode estar a zona respiratoria do traballador



Equipos de seguridad: elementos de protección colectiva

CAMPÁS LOCALIZADAS:

Teóricamente a velocidade de captación necesaria depende da velocidade de produción do contaminante, do seu risco, da súa temperatura, da súa densidade, e da existencia ou non de correntes de aire que interfiran

Para máis información consultar:

NTP 677: “Seguridade no laboratorio. Vitrinas de gases de laboratorio: utilización e mantemento” no seguinte enderezo electrónico:

http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/601a700/ntp_677.pdf

NTP 672: Extracción localizada no laboratorio:

http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/601a700/ntp_672.pdf

NTP 646: Seguridade en el laboratorio: selección y ubicación de

http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/601a700/ntp_646.pdf



Equipos de seguridad: elementos de protección colectiva

Calculadores INSHT: ventilación en cabinas de laboratorio

<http://calculadores.insht.es:86/Ventilaci%C3%B3ncabinaslaboratorio/Introducci%C3%B3n.aspx>

CABINAS DE SEGURIDADE BIOLÓXICA



Deseñadas para protexer:

- ao traballador,
- a atmosfera do laboratorio
- os materiais de traballo

da exposición ás salpicaduras e os aerosois infecciosos que poden xerarse ao manipular material que contén axentes infecciosos, como:

- cultivos primarios, solucións nai e mostras de diagnóstico.
- Actividades que **poden xerar aerosois**: todas as que transmitan enerxía dun material líquido ou semilíquido sobre unha superficie ou sobre outro líquido (axitar, remover verter):
 - sementeira de placas de agar,
 - a inoculación de frascos de cultivo celular con pipeta,
 - uso de pipetas múltiples para dispensar suspensións líquidas de axentes infecciosos en placas de microcultivo,
 - homoxeneización e a axitación vorticial de material infeccioso,
 - a centrifugación de líquidos infecciosos
 - traballo con animais

poden xerar aerosois infecciosos. **os de $< 5 \mu m$ non son visibles para o traballador!**

CABINAS DE SEGURIDADE BIOLÓXICA



Características:

- Ben utilizadas protexen:
 1. Ao traballador
 2. A contaminación cruzada de cultivos por exposición a aerosois
 3. A atmosfera do laboratorio
- Existen diferentes clases. Todas poseen filtros HEPA (ou ULPA). Estes filtros reteñen:
 - O 99,97% das partículas de 0,3 μm de diámetro
 - O 99,99% de partículas de tamaño maior ou menorIsto lles permite garantir que da cámara só sae aire libre de microorganismos (en en ocasión que tamen entra)

Nota. As cabinas de fluxo de aire horizontal e vertical («bancos de traballo de aire limpo») non son CSB e non deben empregarse como tal.

CABINAS DE SEGURIDADE BIOLÓGICA



Cuadro 8. Selección de una cámara de seguridad biológica (CSB) según el tipo de protección necesaria

TIPO DE PROTECCIÓN	SELECCIÓN DE LA CSB
Protección personal, microorganismos de los grupos de riesgo 1 a 3	Clase I, clase II, clase III
Protección personal, microorganismos del grupo de riesgo 4, laboratorio para trabajar con cámara de guantes	Clase III
Protección personal, microorganismos del grupo de riesgo 4, laboratorio para trabajar con trajes especiales	Clase I, clase II
Protección del producto	Clase II, clase III sólo si incluye flujo laminar
Protección contra cantidades mínimas de sustancias químicas/ radionúclidos volátiles	Clase IIB1, clase IIA2 ventilada hacia el exterior
Protección contra sustancias químicas/ radionúclidos volátiles	Clase I, clase IIB2, clase III

CABINAS DE SEGURIDADE BIOLÓXICA

Tipos:

— Clase I:

- O aire entra pola abertura dianteira a unha veloc mín de 0,38 m/s
- Pasa por enriba da superf de traballo
- Sae polo conduto de extracción (a través dun filtro HEPA).: ao laboratorio, ao exterior polo sist de evacuación do edificio ou directamente ao exterior

A Abertura frontal permite que os brazos do traballador cheguen ó interior mentres observa a superf por unha ventá que se deberá poder levantar para a limpeza

A corrente de aire arrastra as partículas de aerosol xeradas na superf de traballo, as alonxa do traballador e as dirixe ó circuito de extracción.

Foron as primeiras recoñecidas, de uso moi estendido

Proporcionan protección persoal e ambiental (poden ser válidas para subst. Químicas tóxicas volátiles e radionucéidos).

Non ofrecen protección fiable do produto



Figura 6. Esquema de una cámara de seguridad biológica de clase I.
A: abertura frontal; B: ventana de cristal; C: filtro HEPA de salida; D: cámara de distribución del extractor

CABINAS DE SEGURIDADE BIOLÓXICA

Tipos:

— Clase II:

- Ademais de protección persoal, protexen do aire contaminado do local ós materiais da superficie de traballo. Hainas de 4 tipos:
 - A1, A2, B1 e B2
- Valen para axentes biolóxicos dos grupo 2 e 3 e para grupo 4 se se utilizan traxes presurizados.
- O aire que entra na superf. de traballo pasou por un filtro HEPA.
- As diferentes variacións (tipos) permiten utilizalas para fins específicos

Cuadro 8. Selección de una cámara de seguridad biológica (CSB) según el tipo de protección necesaria

TIPO DE PROTECCIÓN	SELECCIÓN DE LA CSB
Protección personal, microorganismos de los grupos de riesgo 1 a 3	Clase I, clase II, clase III
Protección personal, microorganismos del grupo de riesgo 4, laboratorio para trabajar con cámara de guantes	Clase III
Protección personal, microorganismos del grupo de riesgo 4, laboratorio para trabajar con trajes especiales	Clase I, clase II
Protección del producto	Clase II, clase III sólo si incluye flujo laminar
Protección contra cantidades mínimas de sustancias químicas/ radionúclidos volátiles	Clase IIB1, clase IIA2 ventilada hacia el exterior
Protección contra sustancias químicas/ radionúclidos volátiles	Clase I, clase IIB2, clase III


CABINAS DE SEGURIDADE BIOLÓXICA

Elección:

- Protección persoal (grupo de risco)
- Protección do produto
- Protección fronte radionucleidos e sust. químicas volátiles:
 - Nunca sust. químicas tóxicas ou volátiles en CSB que reciclan o aire de saída á sala (clase I non conectadas a sist. de evacuación do edificio ou clase II A1 e A2).
 - Clase IIB1 → cantidades moi reducidas de volátiles e radionucléidos
 - Válida a IIB2: cámara de extracción total de aire




CABINAS DE SEGURIDADE BIOLÓXICA



Utilización das CSB:

- Non debe haber correntes de aire na súa proximidade (movemento de persoas, ventás abertas, apertura e peche de portas..). Debe haber 30-35 cm na parte superior libres para poder medir a velocidade do aire no filtro de saída e poder cambialo.
- Os brazos débense mover con lentitude e perpendicularmente á apertura frontal. Esperar 1 min aprox. despois de introduci-las mans e antes do comezo do traballo. Introducir nela todo o material necesario antes do comezo do traballo.
- A reixiña frontal da CSB II non debe bloquearse con papeis, instrumental... A superficie do material que se vai introducir descontaminarase con alcohol de 70%
- Pódese facer o traballo sobre panos absorbentes empapados de desinfectante co fin de que estes recollan as salpicaduras e derrames.
- Todos os materiais deben colocarse o máis dentro posible da cámara, cara ao bordo posterior da superficie de traballo, pero sen bloquear a reixa posterior. O equipo que poida xerar aerosois (por exemplo mesturadoras, centrífugas) debe colocarse cara á parte posterior da cámara.
- Os artigos voluminosos, como as bolsas específicas para material biolóxico perigoso, as bandexas de pipetas rexeitadas e os frascos de succión deben colocarse a un lado do interior da cámara.
- O traballo debe proceder desde as zonas limpas cara ás contaminadas ao longo da superficie de traballo.

CABINAS DE SEGURIDADE BIOLÓXICA



Mantemento:

- A maioría das CSB están deseñadas para funcionar 24 horas ao día; os investigadores chegaron á conclusión de que o funcionamento continuo axuda a controlar os niveis de po e de partículas no laboratorio.
- As cámaras deben acenderse polo menos 5 minutos antes de comezar o traballo e logo de terminalo para permitir que se «purguen», é dicir, deixar tempo para que o aire contaminado sexa eliminado da contorna da cámara.
- Todas as reparacións que se fagan nunha CSB debe realizalas un técnico cualificado.
- Calquera fallo no funcionamento da CSB debe comunicarse e repararse antes de utilizala de novo.
- non necesitan lámpadas de luz ultravioleta. Se se utilizan, as lámpadas deben limparse unha vez á semana para quitar o po e a sucidade que poidan bloquear a eficacia xermicida da luz. A intensidade da luz ultravioleta debe comprobarse cada vez que se volve a certificar a cámara para asegurarse de que a emisión de luz é apropiada. As luces ultravioletas deben apagarse cando a sala está ocupada, para protexer os ollos e a pel de exposicións involuntarias.
- Deben evitarse as chamas espidas na contorna practicamente libre de microorganismos creada dentro da cámara. Esas chamas alteran as correntes de aire e poden ser perigosas cando se utilizan ao mesmo tempo sustancias volátiles e inflamables
- Para esterilizar as asas microbiolóxicas, é preferible utilizar microincineradores ou asas desbotables



CABINAS DE SEGURIDADE BIOLÓXICA



Certificación:


O funcionamento e a integridade de cada CSB deben ser certificados no momento da instalación, e logo de forma periódica, por técnicos cualificados e de acordo coas instrucións do fabricante.

A avaliación da eficacia de contención da cámara debe incluír probas da integridade da cámara, fugas dos filtros HEPA, perfil de velocidade do fluxo de aire descendente, velocidade na abertura frontal, taxa de presión negativa/ventilación, características do fluxo de aire, e alarmas e interruptores de interbloqueo.

Pódense realizar probas facultativas en relación coa instalación eléctrica e a intensidade da iluminación, a luz ultravioleta, os ruídos e as vibracións.

Para levar a cabo estas probas riquírese capacitación, coñecementos e equipos especiais; deberá facelas un profesional cualificado.

CABINAS DE SEGURIDADE BIOLÓXICA



Limpeza e desinfección:

Todos os artigos que entren nunha CSB, incluído o material de laboratorio, deben ter a súa superficie descontaminada e sacarse da cámara unha vez terminado o traballo.

As superficies internas das CSB deben descontaminarse antes e logo de cada uso.

As superficies de traballo e as paredes internas deben limparse cun pano empapado nun desinfectante que elimine os microorganismos que puidese haber.

Ao final do día de traballo, a descontaminación final das superficies debe incluír a limpeza da superficie de traballo, os laterales, a cara posterior e o interior da fiestra de cristal. Para os organismos sensibles utilizarase unha solución de lixivia ou alcohol ao 70%. Despois haberá que pasar de novo un pano con auga estéril cada vez que se utilice un desinfectante corrosivo, como a lixivia.

Recoméndase deixar a cámara en funcionamento. En caso contrario, antes de apagala haberá que deixala funcionando durante 5 minutos para purgar a atmosfera interior.

Equipos de protección individual (EPIs) e roupa protectora

Os EPIs e a roupa que utilizas no traballo son fundamentais para protexerte da absorción, inhalación ou contacto físico con substancias perigosas

A roupa/uniformes de traballo protexe da contaminación a túa propia roupa

É responsabilidade de cada traballador usar os EPI e a roupa protectora adecuada sempre que sexa necesario.

Equipos de protección individual (EPIS) e roupa protectora

Todo EPI debe posuír marcado CE e ir acompañado dun folleto informativo en idioma oficial no cal indique claramente:

- Os riscos contra os que protexe
- O nivel de protección
- As condicións de almacenamento, limpeza, substitucións necesarias
- Unha explicación das marcas que leve (se é o caso)

Non se debe adquirir ningún EPI que non cumpra as anteriores condicións: marcado CE e folleto informativo. O responsable do laboratorio deberá fotocopiar este folleto e entregalo con cada unidade de protección que se subministre aos traballadores.

Tanto a roupa coma os EPIS débense manter en boas condicións hixiénicas limpándoos e/ou descontaminándoos periodicamente e sempre que se considere necesario .

Equipos de protección individual (EPIs) e roupa protectora

Categoría I: destinados a protexer contra riscos mínimos (ex: guantes de látex desbotables, roupa para protexer da chuva)

Categoría II: destinados a protexer contra riscos de grado medio ou elevado, pero non de consecuencias mortais ou irreversibles (calzado de seguridade, lentes de laboratorio...)

Categoría III: destinados a protexer contra riscos de consecuencias mortais ou irreversibles (ex: máscaras de protección respiratoria, guantes contra axentes biolóxicos e ax. químicos)

ELEMENTOS OBLIGATORIOS A FACILITAR AL USUARIO

1. MARCADO "CE"



A = EPI categorías I y II

A + B = EPI categoría III

B = Código de cuatro dígitos identificativos, en el ámbito de la UE, del organismo que lleva a cabo el control de aseguramiento de la calidad de la producción.

2. FOLLETO INFORMATIVO

- a) Instrucciones de almacenamiento, uso, limpieza, mantenimiento, revisión y desinfección.
- b) Rendimientos técnicos alcanzados en los exámenes técnicos dirigidos a la verificación de los grados o clases de protección de los EPI.
- c) Accesorios que se puedan utilizar en los EPI y características de las piezas de repuesto adecuadas.
- d) Clases de protección adecuadas a los diferentes niveles de riesgo y límites de uso correspondientes.
- e) Fecha o plazo de caducidad de los EPI o de alguno de sus componentes.
- f) Tipo de embalaje adecuado para transportar los EPI.
- g) Explicación de las marcas, si las hubiere.
- h) En su caso, las referencias de las disposiciones aplicadas para la estampación del marcado "CE", cuando al EPI le son aplicables, además, disposiciones referentes a otros aspectos y que conlleven la estampación del referido marcado.
- i) Nombre, dirección y número de identificación de los organismos de control notificados que intervienen en la fase de diseño de los EPI.

Equipos de protección individual: lentes de seguridade

Os ollos, por seren órganos moi vascularizados poden absorber con facilidade moitos produtos químicos.

Os lentes de protección evitan o contacto dos ollos con axentes químicos en estado líquido, sólido ou gasoso. Estas circunstancias pódense dar:

- Por salpicaduras ou proxección de partículas líquidas ou sólidas
- Por escapes de gases
- Por concentracións elevadas de aerosois (sólidos ou líquidos) ou vapores ou gases (coincide coa necesidade de usar protección respiratoria)



Equipos de protección individual: lentes de seguridade

Debe consultarse o folleto informativo onde o fabricante indica as prestacións (tipos, índices de protección e substancias ás que lles afecta), así como as condicións de almacenamento, limpeza, talles, etc.

Débese prever a súa substitución no período de tempo que corresponda.

É moi importante levar en todo momento dentro do laboratorio unha protección ocular adecuada. **Deberíanse utilizar como norma xeral sempre os lentes de seguridade no laboratorio**, con suficiente protección lateral cunha óptica e montura adecuada en función do traballo que se desenvolve.

Cando sexa necesario protexer a cara completa de proxeccións de material líquido ou sólido (por exemplo operacións de vidro con presión), ou protexerse de impactos mecánicos fortes deberase utilizar unha pantalla facial.

Os lentes de seguridade **son de uso persoal**. Cada traballador é responsable de mantelos en bo estado e de descontaminalos ou limpalos coa periodicidade axeitada



Na táboa recóllense as frases R e S, e as frases H, EUH e P, que, de figurar na etiqueta, nos alertarán da necesidade de utilizar protección ocular por mor das características de perigosidade do produto

Frases R	Significado
R36	Irrita os ollos
R41	Risco de lesións oculares graves
Frases S	Significado
S25	Evítese o contacto cos ollos
S39	Úsese protección para os ollos/a cara
S24/25	Evítese o contacto cos ollos e a pel
S37/39	Úsense guantes axeitados e protección para os ollos/a cara
S36/37/39	Úsese indumentaria e guantes adecuados e protección para os ollos/a cara
Frases H	Significado
H318	Provoca lesións oculares graves
H319	Provoca irritación ocular grave
H314	Provoca queimaduras graves na pel e lesións oculares graves
Frases EUH (información suplementaria)	Significado
EUH 070	Tóxico en contacto cos ollos
EUH 202	Cianoacrilato. Perigo. Adhírese á pel e aos ollos en poucos segundos. Manter fóra do alcance dos nenos
Frases P	Significado
P262	Evitar o contacto cos ollos, a pel ou a roupa
P280	Levar luvas/pezas de roupa/lentes/máscara de protección
P305	EN CASO DE CONTACTO COS OLLOS:
P337	Se persiste a irritación ocular:
P338	Quitar as lentes de contacto, se leva e resulta doado. Seguir aclarando.
P337+P313	Se persiste a irritación ocular: Consultar un médico.
P305+P351+P338	EN CASO DE CONTACTO COS OLLOS: Aclarar coidadosamente con auga durante varios minutos. Quitar as lentes de contacto, se leva e resulta doado. Seguir aclarando

Equipos de protección individual: lentes de seguridad

Marcación da montura. Deben figurar as seguintes marcas:

1. Identificación do fabricante.
2. Número da norma europea EN 166
3. Campo de uso (cando sexa aplicable)
4. Resistencia ao impacto de partículas a gran velocidade (cando sexa aplicable)

Campo de uso	Aplicación
Sen código	Para riscos mecánicos non especificados e radiación UV, IV e visible
3	Contra gotas e salpicaduras de líquidos
4	Contra po cuxo tamaño de partícula sexa maior de 5 µm
5	Contra gases e vapores, néboas fumes e po de tamaño de partícula inferior a 5 µm
8	Fronte a arco eléctrico producido en cortocircuíto eléctrico
9	Contra salpicaduras de metais e penetración de sólidos incandescentes

no que respecta á protección fronte ao risco químico, os índices de protección deberán ser «3» ou «5» (segundo o caso)

Equipos de protección individual: lentes de seguridade

Marcación da montura. Deben figurar as seguintes marcas:

- 1. Identificación do fabricante.**
- 2. Número da norma europea EN 166**
- 3. Campo de uso (cando sexa aplicable)**
- 4. Resistencia ao impacto de partículas a gran velocidade (cando sexa aplicable)**

Resistencia ao impacto de partículas a gran velocidade	Grao de resistencia
F	Impacto a baixa enerxía. Válido para todo tipo de protectores
B	Impacto a media enerxía. Só válido para lentes de montura integral e pantallas faciais.
A	Impacto a alta enerxía. Só válido para pantallas faciais

Equipos de protección individual: lentes de seguridade

Marcación do ocular. Deben figurar as seguintes marcas:

1. Identificación do fabricante
2. Clase óptica.
3. Clase de protección (só para oculares filtrantes)
4. Resistencia mecánica

Clase óptica	Calidade do ocular
1	O código 1 indica a mellor das calidades ópticas. Os protectores con oculares de calidade óptica baixa (2 e 3) só se deben utilizar esporadicamente.
2	
3	

Clase de protección	Aplicación (só para oculares filtrantes)	
2 - #	Filtro ultravioleta	
3 - #	Filtro ultravioleta sen alteración das cores	
4 - #	Filtro infravermello	
5 - #	Filtro luz solar	
6 - #	Filtro luz solar con requisitos para infravermello	
#	Indicador do escurecemento do filtro. Indica a cantidade de luz visible que permite pasar. Os valores adoitan ir do 1 ao 5. A maior nivel, menor porcentaxe de transmisión luminosa.	

Equipos de protección individual: lentes de seguridad

Marcación do ocular. Deben figurar as seguintes marcas:

1. Identificación do fabricante
2. Clase óptica.
3. Clase de protección (só para oculares filtrantes)
4. Resistencia mecánica

Resistencia mecánica	Grao de resistencia	
Sen símbolo	Resistencia mecánica mínima	
S	Resistencia mecánica incrementada	
F	Resistencia ao impacto de baixa enerxía	
B	Resistencia ao impacto de enerxía media	
A	Resistencia ao impacto de alta enerxía	

Outros códigos	Significado	
9	Non adherencia do metal fundido e resistencia á penetración de sólidos quentes	
K	Resistencia á deterioración superficial por partículas finas	
N	Resistencia ao empanado	

Equipos de protección individual: guantes

Os guantes deben usarse como protección cutánea por riscos mecánicos e manipulación de substancias:

- Corrosivas, irritantes, de elevada toxicidade ou de elevado poder de penetración a través da pel.
- Elementos quentes ou fríos.
- Obxectos de vidro cando hai perigo de rotura.


Os diferentes ámbitos de uso de guantes protectores identifícanse utilizando os pictogramas normalizados




Equipos de protección individual: guantes

Algúns elementos que cómpre ter en conta ao elixir guantes de protección contra produtos químicos:

- Nalgúns casos certos materiais, que proporcionan unha boa protección contra uns produtos químicos, protexen moi mal contra outros. Deberase consultar a guía de resistencia química de cada fabricante.
- A mestura de certos produtos pode ás veces dar como resultado propiedades diferentes das que cabería esperar en función do coñecemento das propiedades de cada un deles.
- As luvas de seguridade fábrícanse en diferentes materiais (PVC, PVA, nitrilo, látex, neopreno, etc.) en función do risco que pretenden protexer. Téñase en conta que a utilización de luvas non impermeables fronte a un produto, se hai inmersión ou contacto directo importante, non soamente non protexe, senón que incrementa o risco.



Equipos de protección individual: guantes



Indicacións prácticas de interese, relativas ao uso:

- Á hora de elixir uns guantes de protección hai que sopesar, por unha parte, a sensibilidade ao tacto e a capacidade de asir e, por outra, a necesidade da protección máis elevada posible.
- Débese ter ademais en conta a lonxitude do manguito e o forro. En igualdade de condicións elixirase o máis cómodo.
- En ocasión óptase polo guante mais delgado para gañar en sensibilidade. Neste caso o cambio realizarase con máis frecuencia.
- En ocasións prefírese a utilización de dobre guante.
- Os guantes de protección deben ser de talla correcta. A utilización duns guantes demasiado estreitos pode, por exemplo, minugar as súas propiedades illantes ou dificultar a circulación.

Equipos de protección individual: guantes

Guantes de protección química:



- ➔ A pel é por si mesma unha boa protección contra as agresións do exterior, por iso hai que prestar atención a unha axeitada hixiene das mans con auga e xabón e untarse cunha crema protectora en caso necesario.
- ➔ Na seguinte táboa recóllense as frases R e S e as H, EUH e P segundo a nova normativa, que, de figurar na etiqueta dun produto, nos indicarán un risco do por contacto dérmico e nos alertarán das medidas a tomar no seu manexo

Equipos de protección individual: guantes

Na seguinte táboa recóllense as frases R e S e as H, EUH e P segundo a nova normativa, que, de figurar na etiqueta dun produto, nos indicarán un risco do por contacto dérmico e nos alertarán das medidas a tomar no seu manexo

Frases R	Significado
R21	Nocivo en contacto coa pel
R24	Tóxico en contacto coa pel
R27	Moi tóxico en contacto coa pel
R34	Provoca queimaduras
R35	Provoca queimaduras graves
R38	Irrita a pel
R43	Posibilidade de sensibilización en contacto coa pel
R66	A exposición repetida pode provocar sequidade ou gretas na pel
Frases S	Significado
S24	Evítese o contacto coa pel
S36	Úsese indumentaria protectora adecuada
S37	Úsense guantes adecuados
Frases H	Significado
H310	Mortal en contacto coa pel
H311	Tóxico en contacto coa pel
H312	Nocivo en contacto coa pel
H314	Provoca queimaduras graves na pel e lesións oculares graves
H315	Provoca irritación cutánea
H317	Pode provocar unha reacción alérxica na pel
Frases EUH (información suplementaria)	Significado
EUH 066	A exposición repetida pode provocar sequidade ou formación de gretas na pel
EUH 202	Cianoacrilato. Perigo. Adhírese á pel e aos ollos en poucos segundos. Manter fóra do alcance dos nenos
Frases P	Significado
P262	Evitar o contacto cos ollos, a pel ou a roupa
P280	Levar guantes/pezas de roupa/lentes/máscara de protección
P302	EN CASO DE CONTACTO COA PEL:
P303	EN CASO DE CONTACTO COA PEL (ou o pelo):

Equipos de protección individual: guantes

Guantes de protección química:

Selección dun tipo de guante:

- perigosidade intrínseca do produto,
- risco avaliado (cantidade de produto manexada, a súa concentración, duración do contacto...) Esta selección corresponde polo tanto ao técnico do servizo de prevención.

Sempre serán impermeables: **resistencia á permeación:**


- limitada no tempo
- **depende da substancia química.**
- A medida desta resistencia relativa exprésase en minutos a través do parámetro “tempo de paso”. O material clasifícase en 6 clases sendo a 6 a mellor.

Para que un guante sexa considerado de protección química debe acadar polo menos a clase 2 con 3 produtos químicos dunha lista que contempla a norma UNE-EN correspondente

Equipos de protección individual: guantes

Guantes de protección química:


Deben llevar o seguinte pictograma:



Equipos de protección individual: guantes

Guantes de protección química:


Cando os guantes só cumbran as condicións de estanquidade á auga e ao aire pero non cumbran as condicións de resistencia á permeación dos produtos químicos que é necesario ensaiar poderán levar o seguinte pictograma de baixa resistencia química:



Equipos de protección individual: guantes

Guantes de protección química:

Este pictograma significará que hai que consultar o folleto informativo para informarse sobre todas as prestacións do guante así como de instrución de uso, coidados etc




Equipos de protección individual: guantes

Guantes de resistencia mecánica:

Con frecuencia é preciso que o guante que se utiliza posúa ademais certa resistencia mecánica

Virá indicada polo seguinte pictograma:



As letras a,b,c,d indican os niveis de prestación obtidos nos ensaios de abrasión, corte, resgado e perforación segundo a norma UNE EN 388. Van de 1 a 4, o 4 é o mellor, salvo na resistencia ao corte onde os niveis van do 1 ao 5.

Equipos de protección individual: protección respiratoria

EQUIPOS DEPENDENTES DO MEDIO AMBIENTE:

Reteñen ou transforman os contaminantes presentes no aire para facelo respirable

Posúen dúas partes diferenciadas:

Adaptador facial

Filtro

Máscaras auto-filtrantes: nun só corpo adaptador e filtro

			
Para partículas	Para gases e vapores	Adaptadores faciais tipo media máscara	Adaptador facial tipo máscara
Máscaras auto filtrantes		Adaptadores faciais (utilízanse con diferentes filtros)	

Equipos de protección individual: protección respiratoria

EQUIPOS DEPENDENTES DO MEDIO AMBIENTE:

Estes equipos non se poden utilizar:

- cando o aire é deficiente en osíxeno,

- cando as concentracións de contaminante son moi elevadas

- Se se trata de substancias altamente tóxicas ou cando existe o perigo de non detectar o seu mal funcionamento (por exemplo, un gas sen olor como o monóxido de carbono).

A protección persoal respiratoria só se debe usar cando non é posible evitar completamente a presenza de contaminantes mediante elementos de protección colectiva.

Equipos de protección individual: protección respiratoria

EQUIPOS DEPENDENTES DO MEDIO AMBIENTE:

- ➔ As máscaras só exercen o seu efecto se se usan correctamente. As dun só uso só se venden dun tamaño. É importante elixilas de xeito que se adapten ben ao contorno da cara. Non poden quedar orificios. A barba pode ser un impedimento para axustala.
- ➔ Os equipos de protección das vías respiratorias están deseñados de tal maneira que só se poden utilizar por espazos de tempo relativamente curtos. Deberase consultar o folleto informativo.
- ➔ Antes de usar un filtro comprobar a data de caducidade e o seu correcto estado de conservación.
- ➔ Deberanse almacenar en lugares axeitados.
- ➔ Débese controlar especialmente o estado das válvulas de inhalación e exhalación dos adaptadores faciais.

Equipos de protección individual: protección respiratoria

EQUIPOS DEPENDENTES DO MEDIO AMBIENTE:

Prestarase especial atención na selección de protección respiratoria nas seguintes situacións:

- Malformacións na cara ou pilosidade excesiva (barba, etc.)
- Utilización de lentes incompatibles co equipo.
- Trastornos circulatorios.
- Problemas neurolóxicos.
- Toma de determinados medicamentos que poidan aumentar o efecto do axente nocivo.
- Capacidade respiratoria reducida.
- Embarazo.

A percepción do olor dun produto químico utilizando un filtro para gases e vapores orgánicos indicará que o filtro está saturado.

Cando un filtro contra partículas ofrezca unha gran resistencia á respiración será indicativo da saturación do filtro.

Equipos de protección individual: protección respiratoria

¿CÓMO ELIXIR OS PROTECTORES RESPIRATORIOS?:

Códigos e cores para identificar as características dos filtros:

FILTROS CONTRA PARTÍCULAS	CÓDIGO	COR
80% de retención	P1/ FFP1 ⁽¹⁾	branco
94% de retención	P2/FFP2	branco
99,95% de retención	P3/FFP3	branco
FILTROS CONTRA GASES E VAPORES E COMBINADOS ⁽²⁾		
Gases e vapores orgánicos; punto de ebulición >65° C	A	Marrón
Gases e vapores orgánicos; punto de ebulición <65° C	AX	Marrón
Gases e vapores inorgánicos	B	Gris
SO ₂ e outros gases e vapores ácidos; segundo especificacións do fabricante	E	Amarelo
NH ₃ e derivados orgánicos do NH ₃ segundo especificacións do fabricante	K	Verde
Gases e vapores específicos	SX ⁽³⁾	Violeta
Óxidos de nitróxeno	NO-P3	Azul
Mercurio	Hg-P3	Branco
		Vermello
		Branco

⁽¹⁾Utilízase o código FFP só para as máscaras auto filtrantes

⁽²⁾Segundo a súa capacidade (agás os tipos AX, SX, NO-P3 e Hg-P3) poden ser de:


- clase 1: filtros de baixa capacidade
- clase 2: filtros de capacidade media
- clase 3: filtros de alta capacidade

⁽³⁾ Debe figurar o nome dos produtos químicos e as concentracións máximas fronte as que o filtro ofrece protección.

Equipos de protección individual: protección respiratoria

EQUIPOS DEPENDENTES DO MEDIO AMBIENTE:

É fundamental escoller o filtro en función do tipo de contaminante. Os filtros que son axeitados cando o contaminante está na atmosfera de traballo en forma de partículas de pequeno tamaño (po ou aerosois) non son adecuados para contaminantes en forma de gas ou vapores orixinados pola evaporación de sólidos e líquidos. Existen filtros combinados que son adecuados para partículas e gases e vapores.



Equipos de protección individual: protección respiratoria

Os equipos de protección respiratoria terán sempre unha asignación personalizada.

Excepción: máscaras autofiltranes desbotables que se gardarán nun almacén centralizado.
Unha vez solicitada a súa utilización converteranse en uso personalizado.

Equipos de protección individual: outros

As viseiras (pantalla facial): protexen a cara enteira se salpicaduras e de impactos de alta enerxía. Ex: operacións de transvasamento de líquidos, extracción de material dunha autoclave.

Os mandís impermeables poden ser necesarios tamén en operacións de transvasamento ou cando poida haber posibilidade de proxección de materiais líquidos para protexer a bata do laboratorio.



HOJA DE CARACTERÍSTICAS

Guantes de protección mecánica y
térmica, para soldadores



ORGANISMO NOTIFICADO N° XXXX

Descripción y composición:


- Guante de 5 dedos
- Cuero serraje crupón curtido al cromo, de aproximadamente 1,5 mm, extra-flexible
- Protección en costuras
- Totalmente forrado
- Manga larga, con el dorso de una sola pieza

Talla:

- Unica


Mantenimiento:

- Cuando su estado lo aconseje, el guante puede lavarse industrialmente en seco



Niveles de protección según Normas Europeas

Mecánica según EN 388



A B C D

- A- Resistencia a la ABRASIÓN
XXXX ciclos. NIVEL X
- B- Resistencia al CORTE
Factor XXXX. NIVEL X
- C- Resistencia al DESGARRO
XXXX Newton. NIVEL X
- D- Resistencia a la PENETRACIÓN
XXXX Newton. NIVEL X

Térmica según EN 407



A B C D E F


- A- INFLAMABILIDAD: NIVEL X
- B- Calor por CONTACTO: xx seg (xxx°C) NIVEL X
- C- Calor CONVECTIVO: HTI xx seg NIVEL X
- D- Calor RADIANTE: t₂ xx seg NIVEL X
- E- Salpicaduras de METAL FUNDIDO: >xx gotas NIVEL X
- F- Gran proyección de metal fundido: No adecuado frente a este riesgo

Este guante está especialmente indicado para ser utilizado en los trabajos tipo soldador o similar, donde se requiera una buena protección mecánico / térmica, manteniendo un buen nivel de confort.

NO DEBE USARSE

este tipo de guantes en puestos de trabajo donde el riesgo a cubrir supere los niveles de prestaciones alcanzados según EN 388 y EN 407, o cuando se trate de riesgos no mecánicos o térmicos (p.e. químicos, eléctricos, etc.)

Equipos de protección individual: guantes risco biolóxico



► Protección das mans:

- Non existen luvas específicas fronte ó risco biolóxico; considérase que as luvas que superan os ensaios de resistencia á penetración (á auga e ó aire) segundo a Norma UNE-EN 374-2, protexen contra os microorganismos. Adoitan ser de latex, nitrilo, PVC, neopreno).

LAVAR SEMPRE AS MANS DESPOIS DE QUITAR OS GUANTES

Ademais da norma UNE-EN 374-2 DEBEN CUMPRIR A EN-420 (requisitos xerais para luvas)

Como se deben retirar os EPIS

1. RETIRADA E ELIMINACIÓN DAS LUVAS

DIAGRAMA I

Atrapa el aire que hay en el guante llevándolo hacia arriba y aprieta el guante hasta que se hinche, para comprobar que no haya fugas.



DIAGRAMA 2

Sacarse los guantes con cuidado evita el contacto con la superficie exterior del guante.



1 Aflojad el guante tirando de las puntas de los dedos



3 Con el puño del primero, girad el puño del segundo



2 Haced una bola con el guante



4 Quitaos el segundo guante girándolo del revés sobre el primero

Equipos de protección individual: protección respiratoria fronte risco biolóxico

Os filtros clasificados, pola súa eficacia filtrante, como P3 (alta eficacia fronte a partículas sólidas e aerosóis líquidos) conectados a un adaptador facial (máscara o mascarilla) son axeitados para o seu uso fronte a microorganismos



Equipos de protección individual:epis



Protección respiratoria: Norma UNE-EN 149:2001.

- **Persoas que non deben utilizalas:**
 - Enfermos con EPOC (bronquite crónica, enfisema).
 - Asmáticos
 - Enfermos cardiovasculares(tampouco están deseñadas para nenos)
- **Non se deben usar nunca fóra do laboratorio**

Equipos de protección individual:epis

Roupa

- As batas e uniformes exclúense, segundo o artigo 2 do Real Decreto 773/1997, da definición de "equipo de protección individual". Aínda que non sexan pezas clasificables como EPI. A súa eficacia depende de que se usen correctamente.

→ Preferiranse as que abotoan ata arriba. As de **manga longa e abertuta traseira** e os monos protexen mellor que as batas de abertura frontal e son preferibles nos laboratorios de microbioloxía e cando se traballa nunha CSB (niveis 3 e 4). Os mandís pódense levar por encima das batas cando se necesite maior protección contra o derrame de sustancias químicas ou material biolóxico como sangue ou líquidos de cultivo. Os servizos de lavandería deben atoparse nas instalacións ou preto delas.



Batas, monos e mandís non deben usarse fóra das zonas do laboratorio.

Roupa no laboratorio



CE
Cat. II



- ➔As batas e uniformes exclúense, segundo o artigo 2 do Real decreto 773/1997, da definición de "equipo de protección individual".
- ➔Con todo, a súa utilización adecuada no laboratorio é fundamental para evitar a contaminación da propia roupa e a extensión da contaminación fóra do laboratorio.
- ➔Sempre se utilizará a bata no laboratorio; debe ser longa, traspasar dun lado a outro para protexer ben o peito e o abdome, con mangas longas cinguidas aos pulsos e debe ser elaborada con algodón. Mellor se se tratou con retardantes do lume. Débese poder quitar con facilidade.
- ➔Os mandís pódense levar por encima das batas cando se necesite maior protección contra o derrame de sustancias químicas ou material biolóxico como sangue ou líquidos de cultivo. Os servizos de lavandería deben atoparse nas instalacións ou preto delas.
- ➔Recoméndase levar zapatos que cubran e protexan completamente os pés. No laboratorio non se deben levar sandalias, zocos, tacóns altos ou zapatos que deixen o pé ao descuberto. Existen zapatos de laboratorio, pechados e brancos e de sola antiescorregadiza.

Elementos de actuación

FONTES DE LAVADO DE OLLOS

- ➔ Proporcionan un tratamento efectivo no caso de que un produto químico entre en contacto cos ollos.
- ➔ Débense poder accionar co pe ou cóbado.
- ➔ Deben estar claramente sinalizados e débese poder acceder con facilidade a eles (< 15 seg).
- ➔ Débense situar próximos ás duchas xa que os accidentes oculares adoitan ir acompañados de lesións cutáneas.
- ➔ Utilización:
 - A auga non debe aplicarse directamente sobre o globo ocular, senón á base do nariz o que fai mais efectivo o lavado dos ollos. Hai que asegurarse de lavar desde o nariz cara ás orellas.
 - Débese forzar a apertura das pálpebras para asegurar o lavado detrás delas.
 - Deben lavarse os ollos e pálpebras durante polo menos 15 minutos.
- ➔ Mantemento:
 - As duchas de ollos deben inspeccionarse cada seis meses.
 - As duchas oculares fixas deben ter cubertas protectoras.



Elementos de actuación

- **DUCHAS DE SEGURIDADE**

- Proporcionan un tratamento efectivo cando se producen salpicaduras ou derrames de sustancias químicas sobre a pel ou a roupa.
- Deben estar sinalizadas e facilmente dispoñibles para todo o persoal (<8 m ou 15seg)
- As duchas deben operarse asindo unha argola ou un triángulo suxeito a unha cadea. É útil dispoñer dun sistema de alarma acústica ou visual que se poña en marcha ao utilizar o equipo (aviso ao resto do persoal para auxilio).
- As duchas colocadas en vestiarios ou lavabos poden realizar as funcións subsidiarias das duchas de seguridade, especialmente en casos de laboratorios de pouca superficie e para pequenas queimaduras ou salpicaduras na roupa, xa que ao atoparse fóra da vista, permiten á persoa afectada desposuírse daquela sen ningún tipo de complexos.



Elementos de actuación

- **MANTAS IGNÍFUGAS**

- Acción eficaz no caso de lumes pequenos e sobre todo cando se prende lume na roupa (alternativa ás duchas de seguridade). Pode en certos casos evitar o desprazamento do suxeito en chamas
- Existen no mercado distintos mecanismos de almacenamento que permiten a súa rápida utilización.
- Unha alternativa ás mantas ignífugas é a utilización de pezas ou téxtiles pouco combustibles ou previamente humedecidos.
- Deben existir nos lugares onde se traballe con produtos inflamables



Elementos de actuación

EXTINTORES

- Se non é factible controlar os pequenos incendios que se producen no laboratorio, pola súa localización, características, persistencia ou extensión, con mantas ignífugas ou téxtiles mollados, hai que recorrer aos extintores. Os extintores son aparellos que conteñen un axente ou substancia extintora que pode ser proxectada e dirixida sobre o lume por acción dunha presión interna



Elementos de actuación

• EXTINTORES

- No laboratorio, os máis prácticos e universais son os de CO_2 .
- Os extintores de CO_2 estragan menos os equipos delicados outros axentes extintores poderían producir agresións irreparables aos equipos ou novos focos de incendios.
- O extintor debe ser de fácil manexo e pouco peso,
- Pode envorcar, romper ou proxectar o material de vidro que se atopa nas mesas de traballo, xerando, así mesmo, novos focos de incendio, vertidos ou reaccións imprevistas.
- A utilización de extintores portátiles nos laboratorios debe valorarse coidadosamente, sobre todo se se trata de lumes moi localizados que afecten soamente a áreas reducidas dos mesmos. Téñase en conta que os problemas de limpeza posterior.



CLASES DE LUME	AXENTES EXTINTORES					
	MANGUEIRA BIE			PO SECO	PO POLIVALENTE	NEVE CARBÓNICA CO ₂
	AUGA CHORRO	AUGA PULVERIZADA	ESCUMA FÍSICA			
A SÓLIDOS	BO	BO	BO	ACEPTABLE	BO	ACEPTABLE
B LÍQUIDOS	NON	ACEPTABLE	BO	BO	BO	ACEPTABLE
C GASES	NON Extingue limita propagación			ACEPTABLE	ACEPTABLE	ACEPTABLE
D METAIS	NON*	NON*	NON*	NON*	NON*	NON*
* Require axentes especiais.						

O responsable do laboratorio debe designar a unha persoa encargada do seguimento do programa de mantemento dos elementos de actuación.

PROCEDIMENTOS DE EMERXENCIA

ROTURA DE RECIPIENTES E DERRAMES DE SUSTANCIAS INFECCIOSAS

- Os recipientes rotos contaminados con sustancias infecciosas e as sustancias infecciosas cubriranse con panos ou papel absorbente.
- A continuación se verterá sobre estes un desinfectante que se deixará actuar durante tempo suficiente, e despois poderá retirarse o pano ou o papel absorbente xunto co material roto; os fragmentos de vidro deberán ser manipulados con pinzas.
- Despois se fregará a zona contaminada cun desinfectante. Se se utilizan recolledores de po para retirar o material roto, despois haberá que tratalos na autoclave ou mergullalos nun desinfectante eficaz. Os panos, o papel absorbente e as baetas utilizados para a limpeza colocaranse nun recipiente para residuos contaminados.
- Haberá que utilizar luvas en todas estas operacións. Se se contaminan formularios ou outros papeis manuscritos ou impresos, copiarase a información noutro formulario e tirarase o orixinal nun recipiente para residuos contaminados.



Actuación en caso de verteduras

Normas xerais

En caso derramos accidentais débese actuar rapidamente para a súa **absorción, neutralización ou eliminación**.

Pequenos derramos: con axentes absorbentes ou neutralizantes, que unha vez usados se depositarán en recipientes para residuos.

Como norma xeral descártase o uso de serraduras como absorbente para líquidos inflamables e corrosivos, recomendando carbón activo, sepiolita ou outros.

Durante o proceso de limpeza utilizaranse os elementos de protección adecuados (EPI).

Actuación en caso de verteduras

NTP 399



Verteduras de líquidos

Norma xeral:

1. Alertar o persoal que está na área de que se produciu un derrame.
2. Avaliar a toxicidade, a inflamabilidade e outras propiedades perigosas do produto, así como o seu tamaño e a localización para así determinar se é necesaria a evacuación e/ou a axuda externa.
3. Se se trata de cantidades importantes de produtos volátiles, tóxicos ou inflamables:
 - Desaloxar o persoal da área.
 - Apagar calquera posible fonte de ignición (chisqueiros, motores en funcionamento...).
 - Abandonar o lugar onde se produciu o derrame e pechar a porta, se fose posible.
 - Chamar ao 112.
4. Se se trata de pequenos derrames ou ben de produtos químicos de baixa toxicidade proceder do seguinte xeito:

Utilizar axentes neutralizadores. Valorar os necesarios en cada laboratorio. Normalmente axentes específicos para ácidos, bases, disolventes orgánicos e mercurio: "equipo básico".

Actuación en caso de verteduras NTP 399



Verteduras de líquidos

Axentes neutralizadores (I):

– Líquidos inflamables:

Absorber con carbón activo, sepiolita ou outros absorbentes específicos que se poden atopar comercializados. Non empregar nunca serraduras, por mor da súa inflamabilidade.

Como exemplo un derrame de 500 ml de éter etílico non recollidos axeitadamente podería levar a concentracións ambientais que superen o “Valor Límite Ambiental” (VLA) deste produto nun laboratorio de 100 m³ (supoñendo que non hai ventilación).

– Ácidos :

Débese actuar coa máxima rapidez xa que tanto o contacto directo, como os vapores que se xeren, poden causar dano ás persoas, instalacións e equipos.

